

MÉRCORES 3 DE OUTUBRO 20:00 horas Salón de Actos do Edificio Sindical
Rúa Pasantería nº1 Baixos

“SUSTENTABILIDADE NA EXPLOTACION FORESTAL DO MONTE GALEGO”

Por Benito Andrade. Biólogo, profesor de Bioloxía e Xeoloxía no I.E.S. Valle-Inclán

Tras moitos anos de agresión os nosos montes atópanse desfalecidos. Nos últimos tempos, teñen sido queimados, calificados como edificables, ocupados con especies invasoras, erosionados, fumigados, sobreaboados, roturados, fumigados, expoliados, desprezados.

Este é o resultado de políticas forestais insostibles. O expolio, a erosión e o empobrecemento dos solos forestais e dos recursos naturais ten sido unha perda de biodiversidade e tamén o empobrecemento do monte como produtor de recursos para a sociedade. Hoxe o noso monte produce, máis que nada, madeira de baixo prezo obtida cun elevado custo ambiental e social.

O entorno é un mercado globalizado de produtos forestais desrregulado e que está a favorecer a extensión dos cultivos forestais aos países pobres, conseguindo un aumento do consumo a costa de rebaixar os custos de produción, provocando degradación social e económica nos países do Sur.

É necesario procurar a sustentabilidade, ésta implica a conservación dos principais valores do monte, dos recursos hídricos sen contaminar, do solo e da biodiversidade. Esta é a base para que o monte poida ser produtivo hoxe e no futuro, para que proporcione beneficios económicos, pero tamén beneficios ambientais e sociais.

Debemos defender o uso sostibel do noso monte, pero tamén denunciar a inxusticia que se oculta trala explotación dos territorios nos países do Sur, unha inxusticia social e económica desenrolada unicamente para satisfacer os intereses das empresas do Norte.